

# Teatro

## Unha patria de paso

Santiago CORTEGOSO

**A.-** Para.

**B.-** Non.

**A.-** Que pares.

**B.-** Non me dá a gana.

**A.-** E que che dá?

**B.-** Quen?

**A.-** A gana.

**B.-** Dáme o que ten por aí gardado.

**A.-** E que ten?

**B.-** O que lle vou metendo.

**A.-** E que lle metes?

**B.-** O que vou atopando.

**A.-** Onde?

**B.-** Por dentro das miñas entrañas.

**A.-** E méteslle todo o que atopas?

**B.-** Non a dou enchido.

**A.-** Non che sobra nada?

**B.-** Un día tirei con todo e quedei baleira.

**A.-** Con que tiraches?

**B.-** Co que me veu dado.

**A.-** Dado por quen?

**B.-** Pola gana.

**A.-** Para!

**B.-** Non podo.

**A.-** Por que?

**B.-** Estou buscando.

**A.-** O que?

**B.-** A min.

**A.-** Estás aquí.

**B.-** Unha parte. Sempre estou a medio facer.

**A.-** Eu xa estou feita de todo.

**B.-** Eu voume construíndo paso a paso. Son un territorio indómito, salvaxe, que vou conquistando. Vou espichando bandeiras na miña superficie. Colonízome. Domínome. Cultívome, explótome, seméntome para sacarme rendemento. Voume ocupando. Vou irrompendo en min.

**A.-** Para ti, eu que son?

**B.-** Es unha periferia.

**A.-** Unha periferia?

**B.-** Eu teño unha dimensión. Vou dende aquí ata aquí. Todo o que hai máis alá é outra cousa.

**A.-** Eu vivo aquí. Non o escollín.

**B.-** Parada.

**A.-** Nacín dentro deste mapa. Hai aduanas. Non podo saír.

**B.-** Alén da miña pel todo é estranxeiro.

**A.-** Eu son estranxeira?

**B.-** Coma todas.

**A.-** Pero eu non me movín.

**B.-** Es estranxeira para min e para o teu corpo.

**A.-** Para.

**B.-** Non.

**A.-** A onde vas?

**B.-** Fago turismo interno.

**A.-** Con que destino?

**B.-** Vou coa mochila baleira e volvo con ela cargada.

**A.-** Sempre volves?

**B.-** Cambiada.

**A.-** Volve aquí.

**B.-** Algún día, pero non me has coñecer.

**A.-** Por que?

**B.-** Hei ter unha orografía diferente.

**A.-** Eu acóllote como inmigrante.

**B.-** Pero tes as fronteiras cargadas de valados.

**A.-** Hei ser a túa patria.

**B.-** Tes políticas proteccionistas.

**A.-** Ti serás a miña oriúnda.

**B.-** Nunca.

**A.-** Goza comigo dunha natureza estable.

**B.-** Son un país erosionado pola velocidade.

**A.-** Para!

**B.-** Vou reptando pola miña independencia.

**A.-** Aquí vai calor.

**B.-** Arrástrome pola miña complacencia.

**A.-** O meu chan é un bo sofá para sentar.

**B.-** Avanzo pola miña autosuficiencia.

**A.-** Son unha terra de conciencia cálida.

**B.-** Son un territorio bidireccional.

**A.-** Lambe as túas feridas no meu mapa político.

**B.-** Corro no tempo.

**A.-** Descansa en min.

**B.-** Corro cara ao pasado a coller impulso para cambiar o futuro.

**A.-** O futuro non se pode cambiar.

**B.-** Reboto dun polo ao outro.

**A.-** Como vas cambiar o futuro se aínda non pasou?

**B.-** O futuro está escrito nun papel con tiraliñas.

**A.-** O pasado é unha estatua de pedra. Pódelo moldear coa gubia do esquecemento.

**B.-** Non soporto a idea de que as vidas se sucedan.

**A.-** O esquecemento é unha arma máis letal que a memoria.

**B.-** Unha arma para construírme e desconstruírme.

**A.-** Tes que madurar.

**B.-** Non soporto a idea de que as xeracións se repitan.

**A.-** A túa viaxe non vai modificar as fronteiras ancestrais.

**B.-** Viaxo por min para invalidar esa hipótese.

**A.-** Percorres camiños para buscarte, pero has dar contigo no mesmo punto do que partiras.

**B.-** Pasei por aquí para que non se perda unha tradición ou que?

**A.-** Iso é a memoria: Unha vida vivida sen moverse do sitio.

**B.-** Esa é unha vida terminal desde o principio.

**A.-** O futuro está na orixe.

**B.-** Son nativa do tránsito, de procedencia volátil.

**A.-** Para!

**B.-** Non.

**A.-** Por que?

**B.-** Quero ser libre dunha vez.

**A.-** Pensas que ti es patrimonio teu?

**B.-** Estoume protexendo.

**A.-** Onde pensas que vas atopar a identidade?

**B.-** No carné non.

**A.-** Es patrimonio da humanidade.

**B.-** Na carne.

**A.-** Polo menos da humanidade que te coñece.

**B.-** Estou censada nunha expedición perpetua pola miña carne.

**A.-** Mentres non pares estarás sen identificar.

**B.-** Son imparabile.

**A.-** Has desaparecer sen raíces nin ascendencia.

**B.-** A miña carne non vai desaparecer nunca.

**A.-** Non vai quedar nada dela.

**B.-** Cando morra, vou ser sempre eu.

**A.-** Nada.

**B.-** Vou ser como me recorden.

**A.-** Ninguén se vai facer cargo da túa soberanía.

**B.-** Vou seguir sendo eu nos demais.

**A.-** Non falo con fantasmas.

**B.-** Serei así porque a xente me verá así.

**A.-** Os fantasmas teñen carné de identidade?

**B.-** Os fantasmas non teñen carne.

**A.-** Para!

**B.-** Non!

**A.-** Mira que te agarro.

**B.-** Mira que te enveleno.

**A.-** Mira que te rabuño.

**B.-** Mira que es humana.

**A.-** Mira que es fría.